DÍA DE ROSALÍA CON ANTÍA YÁÑEZ

PROGRAMA

XORNADA LITERARIA MODELO BURELA

Esta xornada literaria é unha actividade máis na traxectoria de 15 anos de vida de Modelo Burela. Aínda que o período de actividades do Modelo Burela comezou en 2004, o recoñecemento público produciuse en abril de 2008 coa aprobación do Modelo Burela de Planificación Lingüística por parte do pleno municipal. Despois de termos aplicado curso a curso os programas anuais de actividades das que se beneficiaron tanto as progresivas promocións do alumnado dos centros de ensino, as súas familias e o conxunto da cidadanía, neste momento queremos facer unha celebración con dobre vertente: a histórica, en recordo de Rosalía de Castro; e a contemporánea, coa divulgación da obra da escritora Antía Yáñez.

A ESCRITORA CONVIDADA

Nacida en Burela, Antía Yáñez Rodríguez (1991) recibiu formación académica no CEIP Virxe do Carme, situado nos Castros; no IES Perdouro e no facultade de Enxeñaría de camiños da Universidade da Coruña. No ámbito da literatura, deuse a coñecer a través do Certame de Microrrelatos Lonxa Literaria (2013), do Premio de Relatos Curtos Os Viadutos (2014 e 2017) e do Certame de Narración Breve do Concello de Cambre (2016, 2017 e 2018). Neste período recibiu tamén premios en Lucena (Córdoba), Oviedo, La Luisiana (Sevilla) e no "Yachaymalka" do Perú.
A consolidación no panorama literario chegoulle da man da publicación da primeira novela (O misterio de Portomarín; Galaxia, 2016) e dun novo premio, desta vez o IIIa Nova de Narrativa (2018) por Senlleiras (Galaxia, 2018). O seu último recoñecemento foi o I Premio Fina Casalderrey pola Igualdade coa obra infantil A Reconquista. (Baia, 2018).

A INTERVENCIÓN EDUCATIVA

Tendo en conta o criterio da intervención educativa dentro e fóra dos recintos escolares, con este acto Modelo Burela facilitamos o encontro da escritora con diferentes públicos. Comezamos cunha animación á lectura destinada a persoas adultas, teñan ou non vínculo coas comunidades educativas, e con ela queremos destacar a importancia da lectura en familia e ofrecemos recursos para que as xeracións máis novas adquiran o costume lector na propia casa. En consecuencia, para a xornada do día 22 de febreiro programamos non só a visita da escritora aos centros de ensino senón tamén un xantar e un encontro co público adulto.

PERIODO DE ANIMACIÓN Á LECTURA

Martes 19 de febreiro ás 19:00 horas na biblioteca do IES Perdouro
(acto aberto a todos os públicos)

Explicación sobre a obra de Antía Yáñez: títulos publicados e públicos axeitados para cada un deles.

Mércores 20 de febreiro ás 18:00 horas en Radio Burela
A emisión en directo con indicacións para a lectura e consultas e comentarios feitos por lectoras e lectores.

VISITA DA ESCRITORA AOS CENTROS DE ENSINO

Venres 22 de febreiro

- 09:00 a 11:00h: CEIP Virxe do Carme
- 11:30 a 12:20h: IES Monte Castelo
- 12:30 a 13:15h: IES Perdouro:
  - Lectura do manifesto da AELG
  - Video Recital "Recordando a Rosalía" a cargo do alumnado de 1º de ESO
  - Entrevista a Antía Yáñez a cargo do alumnado de 2º de ESO

XANTAR DAS COMUNIDADES EDUCATIVAS COA ESCRITORA

Nun restaurante da zona ás 14:30 horas.

ENCONTRO CO PÚBLICO ADULTO

Sinatura de libros ás 20:00 horas no local de Batuko Tabanka (R/ do Río).

ANTÍA YÁÑEZ EN CERVO

Domingo 24 de febreiro ás 12:00 horas no Caseto de Copa

Será durante a celebración do Día de Rosalía nun acto organizado pola Asociación Fervenza de Sargadelos.

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Bibliotecas escolares de Galicia

IES PERDOURO